

## CONDICIÓN Xerais DO SERVIZO DE RUTAS FLUVIAIS

1. Tódolos pasaxeiros deberán confirmar a súa chegada ao embarcadorio co persoal do servizo de rutas.
2. **PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA:** coa fin de prestar unha atención personalizada e coñecer as necesidades concretas deste colectivo, así como de informar de xeito pormenorizado sobre as condicións de acceso aos embarcadorios ou de prever necesidades, que por mor do nivel dos encoros poden variar ao longo da tempada, recoméndase que con carácter previo á adquisición do billete contacten coa central de información das rutas fluviais no teléfono 982 260 196 ou no enderezo electrónico [catamaranes.turismo@deputacionlugo.org](mailto:catamaranes.turismo@deputacionlugo.org).
3. Tódolos pasaxeiros deberán someterse á autoridade do capitán, especialmente en todo o relativo á seguridade do barco ou á navegación.
4. Será necesario presentarse no embarcadorio con **30 minutos de anticipación** antes da hora oficial de inicio da ruta reservada.
5. Os viaxeiros individuais (ou grupos de ata 30 personas que non reservaran a través dunha empresa de intermediación turística) deberán adquirir previamente o billete electrónico na web [reservas.rutasembalses.es](http://reservas.rutasembalses.es), completando debidamente o procedemento de compra. Recibirán no enderezo electrónico que fagan constar na reserva o correspondente billete.
6. O billete pagado anticipadamente dá prioridade de embarque (despois das persoas con mobilidade reducida, se as houbese) só no caso de que os pasaxeiros se presenten no embarcadorio con 30 minutos de anticipación ao inicio da ruta, segundo os horarios fixados na web [reservas.rutasembalses.es](http://reservas.rutasembalses.es).
7. A condición de beneficiario de tarifa reducida **deberá acreditarse documentalmente no embarcadorio**, mediante a presentación do DNI e/ ou, no seu caso, carné xove.
8. Poderán realizarse **cambios de data da viaxe (suxeitos a dispoñibilidade) ou solicitarse a devolución do importe do billete**, sempre e cando se solicite dito cambio ou devolución antes da data ou hora da viaxe.
9. No caso de **reclamacións**, será obrigatorio **presentar o billete** que acredite a realización da viaxe.
10. Non se admitirá o embarque de obxectos que poidan dificultar os protocolos de seguridade e maniobras das embarcacións, nin tampouco o embarque de mascotas.
11. Non está permitido fumar a bordo.
12. Recoméndase que os pasaxeiros leven auga e roupa cómoda e de abrigo, así como protección solar, se fose necesario. A embarcación non dispón de servizo de bar a bordo.
13. O funcionamento do programa de rutas está condicionado polo nivel das augas dos ríos e encoros. A Área Turismo e Cultura da Deputación de Lugo resérvase o dereito a facer calquera modificación en horarios e rutas.
14. En caso de dúbida ou reclamación, pódese contactar co servizo de rutas fluviais no teléfono 982 260 196 e no enderezo de correo [catamaranes.turismo@deputacionlugo.org](mailto:catamaranes.turismo@deputacionlugo.org).